




ANEXO IV

Variedades de lúpulo susceptibles de subvencionar

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL	 XACOBEO 2010 Galicia	MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE Y MEDIO RURAL MARINO	
---	--	---	---

- 1-Nugget
- 2-Columbus
- 3-Perle
- 4-Magnum
- 5-Merkur
- 6-Taurus
- 7-Hallertau Mittelfruher
- 8-Saaz
- 9-Sladek

*Ademais destas, a lista pode estar aberta a variedades de futuro interese agronómico, tanto para variedades superamargas como para variedades aromáticas, logo de información aos servizos técnicos correspondentes da Consellería do Medio Rural.

CONSELLERÍA DO MAR

Orde do 23 de xuño de 2010 pola que se amplía o importe do crédito dispoñible na convocatoria de 2010 para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro dos plans estratéxicos zonais aprobados pola Consellería do Mar aos grupos de acción costeira, convocadas pola Orde do 27 de agosto de 2009, pola que se establecen as bases e se regula o procedemento da súa concesión (con financiamento do Fondo Europeo da Pesca).

A Orde do 27 de agosto de 2009 (DOG nº 175, do 7 de setembro) establece as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro dos plans estratéxicos zonais aprobados pola Consellería do Mar aos grupos de acción costeira e procede á convocatoria para o ano 2009 (con financiamento do Fondo Europeo da Pesca).

O artigo 9 da citada orde determina o crédito orzamentario con cargo ao cal se financia a concesión das axudas, establecendo no seu punto 4 o importe para o ano 2009 e no 5, que a contía de anos sucesivos ata 2013 se realizará por orde anual que determinará os seus importes.

Pola Orde do 22 de abril de 2010 fíxose o importe de crédito dispoñible na convocatoria de 2010 para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro dos plans estratéxicos zonais aprobados pola Consellería do Mar aos grupos de acción costeira, convocadas pola Orde do 27 de agosto de 2009 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento

da súa concesión (con financiamento do Fondo Europeo da Pesca).

O artigo 2 desta orde establece que as cantidades recollidas no artigo 1 para a anualidade 2010 poderán ser incrementadas na cantidade resultante das incorporacións de créditos remanentes doutros exercicios.

Unha vez realizadas as oportunas incorporacións, e no uso das facultades que me confiren os artigos 14 e 31.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo único.-O crédito orzamentario para as solicitudes de axuda tramitadas durante o exercicio do ano 2010 fixado no artigo 1 da Orde do 22 de abril de 2010, pola que se fixa o importe de crédito dispoñible na convocatoria de 2010 para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro dos plans estratéxicos zonais aprobados pola Consellería do Mar aos grupos de acción costeira, convocadas pola Orde do 27 de agosto de 2009 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento da súa concesión (con financiamento do Fondo Europeo da Pesca) amplíase na cantidade de oitocentos corenta e seis mil cento cincuenta e tres euros (846.153 €) repartidos nas seguintes partidas orzamentarias:

-2010.14.04.723B.770.0: 510.484,00 €.

-2010.14.04.723B.780.0: 335.669,00 €.

As axudas financiaranse con cargo a fondos do FEP (61%), fondos do Estado (19,5%) e fondos da Comunidade Autónoma de Galicia (19,5%).

Disposición derradeira

Esta orde producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2010.

Rosa María Quintana Carballo
Conselleira do Mar

Corrección de erros.-Resolución do 12 de maio de 2010 pola que se dá publicidade ás axudas concedidas pola Dirección Xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica, correspondentes á convocatoria do exercicio 2009.

Advertido erro na citada resolución, punto catro, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 110, do venres 11 de xuño de 2010, procede a facer a oportuna corrección publicando os beneficiarios da axu-

da á paralización definitiva de buques pesqueiros durante o ano 2009.

1. Axudas á paralización definitiva de buques pesqueiros con cargo ao Fondo Europeo da Pesca (FEP).

a) Norma reguladora: Orde do 23 de abril de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas á paralización definitiva dos buques pesqueiros, cofinanciadas co Fondo Europeo da Pesca, e se convocan para o exercicio 2008 (DOG nº 84, do 2 de maio), e Orde do 29 de setembro de 2008 (DOG nº 215, do 5 de novembro).

b) Convocatoria: exercicio 2009.

c) Aplicación orzamentaria: 14.03.723A.770.1.

d) Finalidade da axuda: contribuír a alcanzar un equilibrio duradeiro entre os recursos da pesca e a súa explotación mediante o axustamento do esforzo pesqueiro, a través da paralización definitiva das actividades pesqueiras dos buques.

e) Persoas ou entidades beneficiarias e importe da axuda concedida a cada unha delas, en euros.

DNI/CIF	Beneficiario	Obxecto investimento	Axuda total
B15170327	<i>Pombo Méndez, S.L.</i>	Paralización definitiva buque Faro de Morrazán	767.604,42 €
I20100436	Eijo Rodríguez, José e outros	Paralización definitiva buque Generosa	547.618,05 €
B27235126	<i>Cabaliño, S.L.</i>	Paralización definitiva buque Ipartza	765.261,00 €
B27270131	<i>Madre Querida, S.L.</i>	Paralización definitiva buque Madre Querida	931.108,50 €
A27023878	<i>Playa de Lago, S.A.</i>	Paralización definitiva buque Pedro do Neto	766.671,00 €
B36140788	<i>Pesquera Laureano Santiago, S.L.</i>	Paralización definitiva buque Playa de Montalvo	769.938,01 €
B36802023	<i>Santhil Pesca, S.L.</i>	Paralización definitiva buque Santhil	1.032.201,03 €
A36048387	<i>Boupamar, S.A.</i>	Paralización definitiva buque Siete de Julio	1.238.328,00 €

ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

Resolución do 18 de xuño de 2010 pola que se convoca un curso de capacitación para a escala executiva, categoría de inspector principal, dos corpos de policía local.

Dentro do programa de actividades que a Academia Galega de Seguridade Pública ten previsto realizar no ano 2010, e conforme as funcións atribuídas pola Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública, anúnciase o desenvolvemento dun curso de capacitación para a escala executiva, na categoría de inspector principal dos corpos de policía local, segundo o previsto nos artigos 32.4º e 45 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación das policía locais, e nos artigos 38 e 39 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, que deberá desenvolverse conforme as seguintes bases:

Obxectivos.

-Mellorar o compromiso profesional do servizo público aos cidadáns, baixo parámetros actitudinais de eficacia e de ética policial.

-Facilitarlle aos alumnos unha actualización xurídico-normativa e de operativa profesional que lles permita un mellor exercicio da súa función.

-Dotalos das ferramentas de coñecemento necesarias para a xestión directiva e para a organización e estruturación adecuada dos recursos humanos e dos medios materiais de que dispoñan.

Destinatarios/as.

Persoal dos corpos de policía local que superaron o proceso selectivo para a categoría de inspector principal (anterior denominación de «suboficial»), e que non tivesen realizado este curso.

Inscripción.

A inscrición dos participantes será totalmente grauíta.

Prazas.

Sen límite.

Solicitudes.

1. Os concellos deberán remitir un escrito á Academia Galega de Seguridade Pública, no que solicitan a participación no curso da/s persoa/s que se atopen nesta situación, e cubrir o anexo con todos os datos nel reflectidos, para efectuar a correspondente reserva de praza para a realización do devandito curso.

2. O prazo para a remisión de escritos rematará o día 2 de setembro de 2010.